



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Física

Curso Académico: Curso 2016-2017

**Aprobado pola Comisión Académica do título o 19.04.2018
Aprobado pola Comisión de Calidade o 20.04.2018**

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Modificacións do plan de estudos
- Plan de Melloras
 - Abertas curso 2016-2017
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - GF-2
 - GF-3
 - GF-8
 - GF-9
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - GF-1
 - GF-5
 - GF-7
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - GF-6
 - GF-11
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - GF-4
 - Finalizadas curso 2016-2017
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - GF-10

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Física
Mencións/Especialidades	-
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	-
Centro responsable	Facultade de Física
Centro/s onde se imparte	Facultade de Física
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	-
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	22/06/2009
Data renovación acreditación	11/07/2017

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Física da USC ten como misión, tal como se recolle no seu plan estratéxico 2016-2020, a de ser o centro de referencia da Física en Galicia a nivel nacional e internacional, tanto pola súa oferta académica como pola súa excelencia científica e o seu compromiso coa sociedade.

Os estudos universitarios de Física en Galicia impártense de forma única neste centro. O Grao en Física é o núcleo fundamental da oferta docente, que se continúa cun Máster Universitario en Física e os diferentes programas de doutoramento, algúns deles con mención de calidade. Debe considerarse, por tanto, como de interese estratéxico para a nosa Comunidade Autónoma, ao constituír un dos alicerces do desenvolvemento científico e tecnolóxico de Galicia.

O Grao en Física consolidouse desde a súa implantación e goza dunha crecente demanda por parte do alumnado, como mostran os distintos indicadores, o que ao noso xuízo reflicte o interese crecente que esperta na sociedade.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O plan de estudos desenvólvese de acordo coa memoria verificada do título. Como consecuencia do proceso de renovación da acreditación levado a cabo durante o curso 2016-2017 detectouse a necesidade de actualizar algúns puntos de dita memoria para axeitala aos cambios que se foron introducindo no plan de estudos, corrixir erros e solucionar algunhas discrepancias. Todas estas modificacións necesarias se atopan detalladas nos informes de acreditación e son obxecto de accións de mellora que se están a levar a cabo na actualidade.

As programacións das distintas materias están accesibles publicamente e se aproban de acordo cos procesos recollidos no SGIC cada curso académico. Nalgúns casos existe a necesidade dunha sincronización coas modificacións necesarias na memoria do título o cal se recolle tamén nas accións de mellora xurdidas do proceso de renovación da acreditación.

O número medio de alumnos por grupo de teoría incrementouse de 51,10 a 57,20, tendencia contraria á recomendada, pero aínda así, por debaixo da media da USC. Pola contra, nos grupos de docencia interactiva, este indicador diminuíu de 31.02 a 28.21, na boa dirección, pero por riba da media. O centro fai todos os esforzos posibles por seguir a recomendación de reducir estas cifras, pero existen dificultades derivadas da falta de espazos.

Sobre o número de estudantes por profesor non temos datos correspondentes ao curso 2016-2017, pero nos cursos anteriores sempre estivo por debaixo da media da USC.

No curso 2016-2017 experimentouse un incremento importante nas cifras de alumnos saíntes de mobilidade, pasando dun 4,17 % dos matriculados a un 5.97 %, correspondendo a 22 Erasmus+, 4 SICUE e 1 por convenio bilateral, superando a oferta nalgúns casos polo que algúns alumnos non obtiveron praza.

O nivel de satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade é elevado, dun 4.06, cifra moi satisfactoria na liña do curso anterior.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analízase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorárase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorárase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A coordinación e control dos obxectivos das distintas materias, metodoloxías docentes e criterios de avaliación lévase a cabo mediante a estrutura de coordinación deseñada polo centro, como se evidencia nas actas e acordos das distintas comisións.

Cada curso académico, os coordinadores de curso revisan as programacións docentes das materias para propoñer posibles melloras, con especial atención aos resultados esperados e os métodos de avaliación. Ditas programacións apróbanse nunha reunión da comisión do título previamente á súa aprobación pola Xunta de Facultade e publicación na Web.

Esta estrutura non sufriu modificacións importantes nos últimos cursos, aínda que se fai un esforzo especial no relativo a horarios e calendarios de exames, onde se intensificou a colaboración cos estudantes a través dos seus representantes e o impulso da Delegación do Alumnado. Púxose en marcha unha acción de mellora que ademais disto procurará consensuar medidas para corrixir taxas de avaliación e éxito nalgúns materias e optimizar a coordinación entre grupos distintos dunha mesma materia.

O labor do coordinador de técnicas experimentais continúa a ser especialmente necesaria tanto á hora de programar e sincronizar a docencia experimental como para consensuar e executar as posibilidades de mellora na dotación material dos laboratorios.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non houbo modificacións na oferta de prazas, que segue a ser de 90 do grao e 10 en cada un dos dobres graos con Matemáticas e Química. O número total de alumnos do grao está na liña do curso anterior, con 419 alumnos.

O perfil de ingreso continúa nunha liña de evolución positiva. A nota media de acceso incrementouse de novo, pasando de 10.98 no curso 2015-2016 a 11.45 no 2016-2017 e a nota de corte pasou de 9.02 a 9,88, cun total de 410 solicitudes para cursar o grao, segundo o informe anual de CiUG. A comisión do Grao en valora positivamente estes indicadores que ao seu xuízo reflicten a demanda e interese crecente da sociedade cara ao título.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas relativas ao título están publicadas na web e se aplican con normalidade. Algúns pequenos cambios se produciron nas convocatorias de mobilidade e no TFG, como se explica a continuación.

As normativas de recoñecemento de créditos aplicáronse en 16 casos de estudantes procedentes de outros estudos ou universidades, así como no recoñecemento de prácticas externas, intercambios, competencias transversais e de representación, tal como consta nas actas das comisións do centro.

A normativa de TFG/TFM da USC modificouse en marzo de 2016, dando aos centros un prazo de 6 meses para adaptar as normativas propias. Comézanse a analizar que modificacións son necesarias no caso do TFG do Grao en Física. Elabórase un borrador que unifica nunha soa normativa as regulamentacións para TFG e TFM, con pequenas modificacións técnicas que non cambian substancialmente os mecanismos levados a cabo ata o momento. Dito borrador apróbase finalmente nunha comisión do título en xuño de 2017, para entrar en vigor no curso 2017-2018.

A convocatoria de prácticas externas foi de 18 prazas que se asignaron de acordo ao regulamento de prácticas da USC. Un 18.37% dos egresados realizaron prácticas en empresas e institucións. Para o curso seguinte 2017-2018 está previsto incluílas no plan de estudos como materia optativa para clarificar á súa regulación, así como abrir novos convenios con empresas e facer un plan de difusión e orientación laboral para o alumnado, reforzando o carácter profesional do título.

En canto á mobilidade, introdúcese o criterio da antigüidade e adecuación do acordo de estudos para a asignación de prazas, de acordo coas normativas dos distintos programas.

O inglés vaise introducir como lingua de impartición na memoria do título e irase ampliando paulatinamente o seu uso na docencia, neste momento á espera de que a USC poña en marcha a normativa para a docencia de calidade en linguas estranxeiras (LEDUS), aprobada no 2018.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como se analizaba no informe de renovación da acreditación, o centro fixo un esforzo importante para manter completa e actualizada toda a información relativa ao título na web, recollendo todo o relativo á descrición do mesmo, obxectivos, competencias, actividades formativas, avaliación, horarios, exames, etc. así como os regulamentos e normativas.

Nese proceso de renovación da acreditación xurdiron algunhas inconsistencias entre esta información e a contida na memoria verificada, polo que se puxo en marcha a correspondente acción de mellora, para que dita información sexa idéntica en ambos casos. Os coordinadores do título revisarán as programacións docentes das materias, que é onde se atopan a maioría destas discrepancias para axeitalas ás modificacións que se van realizar na memoria, con especial atención aos resultados da aprendizaxe, competencias, actividades formativas e criterios de avaliación.

Estas melloras deben repercutir positivamente nos indicadores de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, que non é especialmente alta nos últimos cursos (3.10 no curso 2016-2017)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante procede dos indicadores subministrados por el área de calidade da USC e do propio centro a través dos delegados de curso, coordinadores, representantes de alumnos e da unidade administrativa.

A comisión do título analiza esta información nas súas reunións polo menos dúas veces no curso, ao final de cada semestre, que se utiliza nos informes de seguimento, ou de renovación da acreditación, como foi o caso durante o curso 2016-2017.

As enquisas de satisfacción dos distintos grupos son unha das principais fontes de información. O centro fai o esforzo de promover a participación dos grupos de interese, sobre todo do alumnado, pero as cifras de participación non se incrementan substancialmente e mantéñense arredor do 36% co curso actual durante os últimos anos. Algunhas accións de mellora realizadas, como a creación da delegación de alumnos ou o reforzo da acción titorial intentan mellorar esta taxa de participación.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No proceso de renovación da acreditación puxéronse de manifesto algunhas dificultades na implantación do SGC no centro, que levaron ao deseño dunha acción de mellora (AM-13) para adaptar o SGC as necesidades da facultade e reforzar o papel da comisión de calidade. No plan de melloras recóllense tamén ditas accións seguindo as recomendacións de ACSUG.

Segundo estas recomendacións regularízanse as reunións das comisións do título e calidade e se revisa o SGIC para simplificalo e adaptalo ás necesidades dos centros.

O plan estratéxico foi elaborado e aprobado polo centro.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).

- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Non se conseguiu un incremento da participación nas enquisas de satisfacción nin por parte do alumnado, nin por parte do profesorado, que foi respectivamente do 36 % e do 25.44%, a pesar das campañas realizadas polo centro, que parecen ser insuficientes e esixen continuar accións de mellora nesa dirección.

A creación da Delegación de Alumnos permitirá establecer accións para incrementar a participación deste colectivo e ter un acceso máis directo ás súas queixas e suxestións de melloras.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Mantense como fortaleza do grao en física a cualificación e experiencia do seu persoal docente.

Os indicadores a este respecto non sofren variacións significativas

A porcentaxe de PDI funcionario é do 90.32% do total, case todos doutores (97.94%) dun total de 97 profesores. O número total de sexenios é de 304, o que corresponde a unha media de 3.3 sexenios por profesor que pode telos. En canto a tramos de experiencia docente, o total é de 391, correspondendo a unha media de 4.5 por profesor. Trátase de cifras que posiblemente sexan das máis altas da USC.

En xeral, a satisfacción do profesorado coa docencia que imparten é alta, situándose en 4.06.

Un 13.04 % do profesorado participou en cursos de formación durante o último curso, algo inferior a cursos anteriores, xa que o centro non organizou cursos específicos para física, pero cun alto nivel de satisfacción, de 4.35.

A participación do profesorado en labores de difusión do título é intensa, por exemplo a través do programa A Ponte da USC que inclúe visitas a centros de ensino medio, encontros na USC, charlas temáticas, etc., así como participando activamente na CiUG no deseño das probas de acceso á universidade, levando a cabo tarefas de divulgación ou creando grupos de innovación docente (por exemplo o GID FISTERRA) que realizan diversas actividades.

Non dispoñemos de datos sobre a participación do PDI en programas de mobilidade, pero como xa se mencionou en informes anteriores, a mobilidade do noso profesorado é probablemente das máis altas da USC debido a actividades de investigación que non se reflicten nos indicadores de calidade.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.

- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En canto a persoal de apoio, cóntase con 5 persoas na biblioteca, 6 en conserxería, 4 administrativos e 5 técnicos de investigación nos departamentos, e 5 persoas máis na secretaría do decanato e a unidade de apoio a centros e departamentos. O centro vén reclamando desde hai algúns anos a necesidade de incorporar persoal técnico na área TIC e os laboratorios co fin de poder manter un nivel aceptable de organización e mantemento das aulas de informática, laboratorios de docencia, medios audiovisuais e servizos de comunicación.

A participación en cursos de formación foi alta, ata chegar ao 55.6 %. Aínda que a satisfacción do PAS cos devanditos cursos é alta en xeral, de 3.91, existe certa demanda de mellor adecuación da devandita formación aos seus postos de traballo, dunha mellor repartición das cargas de traballo e duns espazos e recursos máis adecuados para desenvolver as súas funcións.

Dita problemática comezou a reconducirse coa creación dunha Unidade centralizada de Xestión Administrativa no centro. O proxecto ten como obxectivo mellorar a eficacia e a eficiencia na atención aos distintos colectivos de usuarios en todos os centros que compoñen a USC sobre os que non se realizou adaptación estrutural algunha desde a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

En xeral, a satisfacción do PAS co seu traballo é similar á do resto da Universidade, cun resultado no centro de 3.49.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se indicou en autoinformes de seguimento anteriores, tanto os recursos materiais como os servizos postos a disposición dos estudantes son adecuados ás necesidades do título. A docencia das materias do Grao en Física impártense no Edificio Central da Facultade e en dúas aulas do edificio Monte da Condese, onde se imparten algunhas materias do terceiro curso. En relación coa docencia de carácter experimental, o centro, a través dos informes que emite a Comisión de Coordinadores de Laboratorio, está a realizar un importante esforzo na renovación do equipamento do que constan algúns dos laboratorios e estase promovendo coa xerencia da universidade a necesidade de posta en marcha dun plan de reforma en profundidade dos devanditos espazos que nos permita impartir a docencia asignada cun nivel de excelencia acorde coas expectativas de éxito da titulación. Na páxina web do centro pódense consultar os recursos existentes nos laboratorios e os espazos propios de docencia e a disposición dos estudantes tanto para estudo como para actividades culturais, labores de representación, reunións, etc.

No curso 2016-2017 leváronse a cabo varias accións de mellora, como a reposición de ordenadores na aula de informática, a reforma integral do sistema informático e de proxección da Aula Magna e a finalización das obras e entrega do local de Alumnos, onde se desenvolven actividades de estudo, reunións, representación estudantil, etc.

En canto á biblioteca e os recursos bibliográficos, esta continúa coa súa actividade habitual, xa detallada en informes anteriores, cun alto nivel de satisfacción cos seus servizos por parte dos usuarios.

As enquisas de satisfacción do profesorado cos recursos materiais e servizos amosan un nivel alto en canto a fondos bibliográficos (4.47) e plataformas de docencia virtual (4.13), por encima da media da universidade, mentres que estes niveles descenden no caso das aulas e os seus equipamentos e os laboratorios e espazos e equipamentos experimentais.

Entre o alumnado os resultados das enquisas de satisfacción co material de apoio (3.73) e recursos didácticos (3.60) aumenta lixeiramente e se sitúa nos mellores valores dos últimos cinco cursos. Estes resultados non concordan cos da enquisa de satisfacción coa titulación, onde as valoracións son en xeral baixas e inferiores á media da USC. A fiabilidade destes últimos datos é dubidosa a xuízo da comisión do título, debido ao baixo número de cuestionarios (25 sobre máis de 400 alumnos matriculados) e debe ser analizada de novo nos vindeiros cursos.

En canto aos servizos de atención aos estudantes a comisión pensa que se están intensificando as accións de tipo tutorial, tanto a través do programa de alumnos tutores como das actividades da propia delegación de alumnos, que colaboran en actividades como charlas e conferencias sobre a investigación da facultade. O curso 2016-2017 organizáronse sesións informativas para o alumnado sobre os TFG e as prácticas externas. Para o curso 2017-2018 están previstas unhas xornadas de orientación laboral para o alumnado con presenza de profesionais externos á universidade.

A satisfacción dos egresados cos servizos de información e xestión son lixeiramente superiores á media da universidade en canto á OIU (3.43) , a UXA (3.43) e a información propia da facultade (3.36), e baixa no relativo á web da USC, que recentemente foi actualizada e modernizada. Debemos mencionar que a valoración do decanato do centro mantense nun discreto valor de 3.00, pero é sistematicamente superior á media da USC nos últimos tres anos.

En cambio, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación non amosa resultados demasiado positivos en orientación e recursos materiais e servizos. Aínda que o número de cuestionarios cubertos é pequeno o centro prestará atención á evolución destes indicadores en relación ás accións de mellora postas en marcha.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os obxectivos e competencias están ben definidos, son públicos e recóllense con todo detalle na memoria do Grao en Física, que se pode consultar na páxina web do centro. Estas competencias e obxectivos manteñen a súa validez durante o período transcorrido desde a implantación do grao. Os sistemas de coordinación e os mecanismos previstos no SGIC garanten a adecuada distribución das competencias entre cursos (coordinación horizontal) e materias pertencentes aos distintos módulos (coordinación vertical).

A avaliación das materias realízase mediante o establecido nas respectivas guías docentes. En xeral, a memoria do grao establece un sistema de avaliación que consta basicamente de exames ou probas e unha serie de actividades de avaliación continua que ponderan na cualificación final entre un 25% e un 40%. A adquisición de competencias debe analizarse mediante os resultados destas avaliacións. Nas materias do módulo de técnicas experimentais, a avaliación das competencias é continua durante as sesións de laboratorio e pode chegar ao 100% sen ser necesaria a realización de exames.

Algunhas materias que tiñan altos índices de suspensos e non presentados son obxecto dunha especial atención por parte da comisión do título. Estúdanse conxuntamente co profesorado os mecanismos de corrección que se poden incluír en futuras edicións das guías docentes, tanto nas metodoloxías como nos métodos de avaliación. Un seguimento de dúas destas materias indica melloras nos resultados: Termodinámica e teoría cinética reduciu o número de suspensos e non presentados dun 68% no 2015-2016 ata un 54% no 2016-2017. Outra materia cun alto índice de suspensos, Mecánica Clásica II, no curso 2015-2016 normalizou os seus resultados no 2016-2017. A materia Electrodinámica mellorou algo os resultados, pero aínda se mantén por riba da media doutras materias obrigatorias do curso.

Na modificación da memoria e das guías docentes prevista para o curso 2017-2018 revisárase a relación entre as competencias e os contidos e métodos da avaliación nas distintas materias.

A materia onde se avalían a adquisición das competencias do título é o Tráballo Fin de Grao. Entre o profesorado do centro existe un acordo case unánime en valorar moi positivamente o nivel que alcanzan os traballos que presentan os nosos alumnos. Isto evidénciase nos informes que presentan os titores sobre a calidade dos mesmos e nas cualificacións que emiten os tribunais. Devanditos tribunais avalían os resultados de acordo coa dificultade e obxectivos do proxecto, a calidade da memoria escrita e a exposición oral pública e teñen en conta o informe emitido polo titor do traballo. No curso 2016-2017 defendéronse un total de 49 TFG con 34 deles cualificados con sobresaliente, 14 con notable e 1 con matrícula de honra.

Outra evidencia da adquisición de competencias é o resultado do programa de prácticas que ofrece a facultade, pois nel

os alumnos entran en contacto co mundo laboral real e os tiores das empresas e institucións que participan poden valorar a capacidade e os coñecementos do estudante. O centro fixo unha convocatoria única e adxudicou 18 prazas de prácticas, o que supón un 37% dos egresados do curso, un dato satisfactorio para a comisión do título. Os índices de satisfacción analizaranse no criterio 7.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores de demanda presentan unha evolución moi positiva desde a implantación do grao. Esta evolución parece continuar na mesma tendencia no curso presente. O aumento progresivo das notas medias de acceso e de corte así o confirman: no curso 2016-2017 foron de 11.45 e 9.88, a comparar co 10.98 e 9.02 respectivamente do curso anterior. O número de demandantes tamén aumentou segundo o informe CIUG ata 415.

Na memoria do grao expúñanse no seu momento uns obxectivos nas taxas de éxito e avaliación que se están cumprindo de maneira bastante satisfactoria segundo a nosa análise. A taxa de éxito mellorou substancialmente o seu indicador, que aumentou máis de 8 puntos, dende o 73.17% no curso 2015-2016 ata un 81.88 %, superando os obxectivos previstos na memoria, que eran do 75%. A taxa de avaliación permanece case invariable respecto aos cursos anteriores. A taxa de rendemento recuperou a tendencia positiva que mantiña para situarse nun 68% e achegarse algo máis á media da USC.

A taxa de graduación, en cambio, reduciuse ata un 25.93, aloxándose algo máis do obxectivo do 30% e da media da USC, en correlación coa duración media dos estudos, que aumenta ata 5 anos, similar á media doutras titulacións. Esta evolución era previsible, como se comentou no informe de renovación da acreditación, pero será observada con atención nos próximos cursos. As cifras de matriculados na materia TFG indican que a tendencia será a mellorar.

Respecto da taxa de abandono, de novo a taxa RD 1393 mantense moi alta, no 50%, que tal como vimos comentando nos sucesivos informes é unha das maiores preocupacións da comisión do título. No informe de renovación da acreditación reflexionábase sobre este punto e describiamos as medidas adoptadas na súa solución, basicamente as melloras na coordinación, o aumento da presencialidade ou o reforzamento da acción titorial. Xa o curso pasado argumentábase que ditas medidas estaban resultando efectivas ao reducirse a taxa de abandono durante o primeiro curso dende un 30 % ata un 18.75%. Pois ben, no curso 2016-2017 dita taxa de abandono reduciuse aínda máis para situarse nun 11,21%, cifra mellor que a media da USC. A comisión valora este dato como o máis positivo do presente informe e sustenta a predición dunha diminución importante da taxa de abandono total nos próximos anos.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa mencionamos, a participación do alumnado das enquisas de satisfacción segue a non ser a desexada, a pesar dos esforzos por difundir a realización das enquisas e fomentar dita participación. A valoración media foi de 3.84, a máis alta dende o curso 2011-2012, un dato moi positivo. Os resultados melloran en todos os ítems. As valoracións máis altas están nos relativos á programación e coordinación das materias, así como na atención do profesorado en resolución de dúbida e titorías. Os resultados máis febles atópanse nos apartados de capacidade de comunicación e de aprendizaxe autónoma. Paradóxicamente, este apartado é dos mellor puntuados na enquisa a egresados, cun 4.64.

Os indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén mellora en moitos dos apartados e no global, ata un 4.06 %, pero cunha participación menor que outros cursos.

En canto á satisfacción do profesorado coa titulación non temos datos do curso anterior cos que comparar. Os resultados están no nivel medio da USC en obxectivos e competencias e en planificación e desenvolvemento das ensinanzas. En recursos humanos, materiais e servizos o mellor valorado son os fondos bibliográficos e o peor os laboratorios e espazos experimentais. En canto a orientación ao alumnado, o profesorado ten unha opinión menos favorable ca media da USC.

A satisfacción media dos titores externos coas prácticas externas é boa, pero algo inferior ao curso anterior e a dos alumnos tamén baixou ata 3 dende 3.5. A comisión do título entende que esta baixada débese a que nalgúns casos as tarefas requiridas aos nosos alumnos non foron de todo axeitadas á súa formación. Nos vindeiros cursos, algunhas destas prazas de prácticas non se van convocar por decisión dos coordinadores académicos, substituíndoas por outras en distintas empresas e organismos.

Na enquisa de satisfacción a egresados os datos son do curso 15-16. En xeral, a formación teórica e ben valorada, non así a práctica. Nas competencias valoran moi ben a capacidade de aprendizaxe autónoma e de análise. A capacidade de comunicación e traballo en equipo obteñen os peores valores. Estas competencias se asocian coas materias experimentais e as prácticas, o cal terase en conta en vindeiros cursos. Isto fai que a valoración global da titulación se sitúe nun 3.25.

É de destacar a altísima valoración dos egresados respecto da participación en programas de mobilidade, cun 4.75 sobre 5, en consonancia cos resultados da enquisa de mobilidade, cun resultado de 4.06 e participación relativamente alta (57%). Nos ítems individuais que compoñen a enquisa os resultados están en todos eles por riba da media da USC, indicando ao parecer unha boa xestión da mobilidade por parte do centro.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal como expresabamos en informes anteriores, temos evidencias de que os nosos graduados acceden ao mercado laboral en postos de responsabilidade na administración e o mundo empresarial, aínda que non dispoñemos de datos detallados recentes por titulacións. Si temos algún dato parcial de afiliación á SS do ano pasado, que para os graduados en Física da USC era do 62.65%, similar a outras titulacións de ciencias e inferior a ciencias da saúde e informática, pero cunha tendencia ascendente respecto de anos anteriores. O dato está lixeiramente por baixo do das grandes universidades do Estado, pero é mellor que o de universidades como Salamanca, Selecta ou Cantabria. En todo caso, os nosos egresados teñen competencia para competir no mercado español.

O centro expone realizar enquisas propias para coñecer a situación real dos egresados. Este proceso non se completou aínda o suficiente como para ofrecer datos fiables, pero sabemos que os nosos alumnos están a ser admitidos con facilidade en posgraos de alto nivel noutras universidades do Estado e o estranxeiro e accedendo a programas de máster e doutoramento recoñecidos con mención de calidade en nosa propia facultade e noutras institucións con altos niveis de éxito.



<u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Actas
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	PDF
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2501102_P.Ind_2016-2017
			2501102_INF.16_2016-2017
			2501102_INF.CiUG_2016-2017
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2501102_P.Ind_2016-2017
			5050_INF.03_2016-2017
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e	Web do Centro

		avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2501102_P.Ind_2016-2017
			2501102_INF.04_2016-2017
			5050_INF.05_2016-2017
			2501102_INF.06_2016-2017
			2501102_INF.07_2016-2017
			2501102_INF.08_2016-2017
			2501102_INF.09_2016-2017
			2501102_INF.10_2016-2017
			5050_INF.11_2016-2017
			2501102_INF.13_2016-2017
			2501102_INF.14_2016-2017
			5050_INF.21_2016-2017
			2501102_INF.22_2016-2017
2501102_INF.23_2016-2017			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2501102_P.Ind_2016-2017
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2501102_E15_2016-2017
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5050_E16_2016-2017
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5050_I6-I7_2016-2017
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5050_I6-I7_2016-2017
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2501102_INF.13_2016-2017
			2501102_INF.14_2016-2017

4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5050_I10_2016-2017
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, o menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	Enlace web ou PDF
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2501102_INF.15_2016-2017
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2501102_P.Ind_2016-2017
			2501102_INF.17_2016-2017
			2501102_INF.18_2016-2017
			2501102_INF.19_2016-2017
			5050_SIIU_2016-2017
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2501102_P.Ind_2016-2017
			2501102_INF.CiUG_2016-2017
7	I14	Resultados de inserción laboral	2501102_EIL-SIIU_2016-2017

<u>MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	GF-1 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Non se dispón de datos sobre a inserción laboral dos egresados de grao e mestrado
Definición/ descrición proposta	Realizar enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral, e valorar os resultados dos títulos
Datas	Finalización: 30/06/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-2 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Coa implantación dos dobres graos é preciso desenvolver medidas de coordinación entre os centros responsables
Definición/ descripción proposta	Medidas de coordinación dos dobres graos nas correspondentes facultades
Datas	Finalización: 01/09/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-3 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Descenso da demanda de prácticas externas
Definición/ descripción proposta	Fomento das prácticas externas mediante xornadas informativas e oferta de prazas en departamentos e institutos
Datas	Finalización: 01/09/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-4 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Alta taxa de abandono no Grao en Física
Definición/ descripción proposta	Reforzar o plan titorial incrementando o papel dos alumnos titores, e potenciando actividades como cursos e conferencias
Datas	Finalización: 01/09/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

ACCIÓNS DE MELLORA	
Código	GF-5 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Detectouse unha escasa representación do estudiantado
Definición/ descripción proposta	Crear unha delegación de estudiantado que sirva como guía de comunicación con todo o alumnado co obxectivo de : Reforzar o plan tutorial do centro para mellorar os indicadores do SGIC, incentivar a participación do alumnado na planificación dos distintos procedementos e incentivar a participación do estudiantado na realización das enquisas
Datas	Finalización: 29/09/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO
Tarefa1	GF-5.1
Descrición tarefa	Constitución provisional da delegación
Data prevista de finalización	05/04/2017
Responsable	LUIS M VARELA CABO
Estado	Activa
Tarefa2	GF-5.2
Descrición tarefa	Elaboración do regulamentos provisional de funcionamento
Data prevista de finalización	15/06/2017
Responsable	LUIS M VARELA CABO
Estado	Activa

Tarefa3	GF-5.3
Descrición tarefa	Constitución definitiva da delegación
Data prevista de finalización	30/06/2017
Responsable	LUIS M VARELA CABO
Estado	Activa
Tarefa4	GF-5.4
Descrición tarefa	Aprobación do regulamento na Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	29/09/2017
Responsable	LUIS M VARELA CABO
Estado	Activa

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-6 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	--
Definición/ descripción proposta	--
Datas	Finalización: --; Inicio: --
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-7 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Baixa participación do estudantado nas enquisas de satisfacción
Definición/ descripción proposta	Realizar unha campaña para fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción coa docencia
Datas	Finalización: 01/05/2017; Inicio: 10/10/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GF-8 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Detectáronse problemas de coordinación na actuación dos tribunais de TFG
Definición/ descripción proposta	Realizar reunións de coordinación cos membros dos tribunais de TFG e unificar criterios.
Datas	Finalización: 29/09/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-9 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Detectáronse problemas na asignación de prazas de mobilidade derivados da inexistencia de criterios para a súa asignación
Definición/ descripción proposta	Introducir criterios como a adecuación do acordo de estudos ou a antigüidade do alumno no proceso de asignación de prazas de mobilidade.
Datas	Finalización: 30/06/2017; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	JOSÉ M. SÁNCHEZ DE SANTOS

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GF-10 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	O número de matriculados de novo ingreso no Máster en Física non acada o mínimo establecido polo Decreto 222/2011 do 2 de decembro, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Definición/ descrición proposta	Ofertar contratos de investigación para a realización de TFM en áreas de investigación estratéxica para AEFIS
Datas	Finalización: 30/12/2016; Inicio: 01/09/2016
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Non Eficaz; Data Estado: 05/04/2017
Responsables	LUIS M VARELA CABO

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	GF-11 (Curso 2016-2017)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	A carga ECTS do TFM no Máster de Física é pouca tendo en conta o traballo persoal do estudiantado
Definición/ descripción proposta	Incrementar a asignación de ECTS no TFM a 15
Datas	Finalización: 29/12/2017; Inicio: 20/01/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	LUIS M VARELA CABO

